

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 26/10/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 26/10/2020 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19 de outubro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/3767

Vista a Proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por DALONGA CITROEN para a reparación do vehículo policial, Citroen C4, matrícula 0910JGR, por un importe total de 638,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3768

Dáse conta do escrito de Dona M^a Isabel Gómez Vicente, solicitando autorización para instalar un posto de rosquillas e lambetadas, de 4 metros lineais, nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, o día 1 de novembro. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado co carácter de precario.

A presente autorización concedese condicionada ó seguinte:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19, relativas a distancia social, hixiene de mans e máscaras.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

PRP2020/3769

Vista a solicitude de D. José Artiaga Barreira, en representación de Fundación Artiaga acórdase

autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 16, 17 e 18 de outubro, durante todo o día, para a celebración dun mercado solidario, MercArt do Programa AAN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19, relativas a distancia social, hixiene de mans e máscaras.

PRP2020/3770

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias SL, por importe de 207,88 € (IVE incluído), para a reparación do guindastre municipal, matrícula 5171DHL, con cargo á partida orzamentaria 132.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3771

Visto o escrito de D. Victor Moledo Pereiro solicitando autorización para instalar un posto de castañas en Praza de Galicia dende o 1 de outubro de 2020 ata fin de tempada, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización solicitada.

Visto o informe da Policía Local e do Servizo de Mercados, comunícaselle que deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma, cunha cobertura mínima de 300.000 €.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá cumprir os requisitos para a venda ambulante e de hixiene por venda de alimentos, segundo o establecido na Lei 13/2010 de Comercio de Galicia.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19, relativas a distancia social, hixiene de mans e máscaras.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

PRP2020/3773

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización de probas de toxicoloxía ata o 30 de setembro de 2020 pola Fundación Empresa - Universidad Gallega (FEUGA) por un importe de 998,25 €(IVE incluído), con cargo á partida 132.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3774

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Visual Graphics Imagen y Publicidad SL para o subministro de dúas placas conmemorativas para a súa reposición na Casa de Cultura e na Área Recreativa da Fonte en Trabanca Badiña, por un importe total de 260,76 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22601.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3775

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Oficinas Ofint CB para o subministro de material para a impresora-fotocopiadora Kónica-Minolta adscrita ao Servizo, por un importe total de 662,73 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3776

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias na que se indica que foi detectado un erro no convenio asinado para este ano 2020 entre o Concello e a Asociación de Voluntarios de Protección Civil, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 18 de agosto de 2020, ao figurar nas cláusulas II e VII do mesmo un período comprendido entre o 16 de novembro de 2019 e o 15 de outubro de 2020, sendo o período correcto de 16 de novembro de 2019 a 15 de novembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a corrección do citado convenio.

PRP2020/3777

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Juan José Canto Búa para o subministro de 20 dispensadores automáticos de xel desinfectante de mans para a súa instalación en varios edificios municipais, por un importe total de 954,00 € (IVE exento), con cargo á partida 920.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3801

Dáse conta da publicación no DOG de 21 de outubro de 2020, da Orde da Consellería de Sanidade, de 21 de outubro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/3802

Dáse conta da publicación no DOG de 21 de outubro de 2020, da Orde da Consellería de Sanidade, de 21 de outubro de 2020, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/3722

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL un servizo de consultoría remoto de oito horas do antivirus corporativo municipal Kaspersky Endpoint Security for business na plataforma do CPD municipal por un importe de 847,00 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3723

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a adjudicación á empresa OZONA CONSULTING S.L. do subministro de vinte licenzas do sistema AaaS de seguridade para accesos externos e renovación de dez licenzas existentes do mesmo sistema todo elo ata o 31-12-2021, por un importe de 1.270,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3725

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Casco Vello, a instancia de Comunidade de Propietarios Arcebispo Lago 25, para obras de conservación de fachadas e tellado do edificio situado en Rúa Arcebispo Lago nº 25, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edifícios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CV 02/2020)

PRP2020/3726

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Vilaxoán, a instancia de Dona Rita Gil Marttiñan, para obras de conservación de fachadas e tellado do edificio situado en Rúa Benigno Santos nº 7, Vilaxoán, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edifícios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-VIL. 04/2020)

PRP2020/3727

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de Dona M^a Cruz Cancelo Domínguez, para obras de conservación, intervención e mantemento do exterior da vivenda (substitución de carpinterías exteriores), en Rúa Cervantes nº 16, Carril, Vilaxoán, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CAR 7/2020)

PRP2020/3728

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Casco Vello, a instancia de D. Carlos Galbán Zaragoza, para obras de conservación de rehabilitación integral da vivenda situada en Rúa Vergara 5, Vilaxoán, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CV 8/2020)

RECURSOS HUMANOS

PRP2020/3716

Acórdase o recoñecemento de obrigação a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de setembro de 2020, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €

- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €

PRP2020/3717

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de setembro de 2020, por un importe total de 2.340,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisions informativas	DIETAS INFORMATIVAS COMISIÓNS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	4	x 130,00 €	---	x 110,00 €	520,00
Dª LUZ MARÍA ABALO PÉREZ	4	x 130,00 €	---	x 110,00 €	520,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	2	x 130,00 €	---	x 110,00 €	260,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	4	x 130,00 €	---	x 110,00 €	520,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	4	x 130,00 €	---	x 110,00 €	520,00
TOTAL					2.340,00

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2020/3797

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de outubro de 2020, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 28.328,35 € con cargo á partida 323.48007.

PRP2020/3798

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Amigos de Galicia, por importe de 2.500,00 €, para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a paliar situacións de emerxencia e risco de exclusión social de atención urxente e inmediata no ámbito da alimentación e hixiende durante o ano 2020, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio..

PRP2020/3799

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 2º trimestre do ano 2020, coa seguinte desagregación:

- Mes de abril: 29.428,30 €
- Mes de maio: 34.500,85 €
- Mes de xuño: 38.309,36 €

Regularización do/s períodos 01/01/2019-31/03/2019: -666,93 €

Total nómina neta 2º trimestre: 101.571,58 €

Total devengado: 101.571,58 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

EMPREGO

PRP2020/3710

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, presentada por ANTONIO MOREIRA ARJONES, NIF: 35567074N e domicilio de notificacións AVDA. RODRIGO DE MENDOZA 62,B de VILAGARCÍA, CP: 36600 e dirección Email a efectos de notificacións teayudoaregalar@gmail.com, infórmase que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2020 Concello de Vilagarcía, e por tanto a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor da solicitante, por importe de por contía de MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON 77 CÉNTIMOS (1.333,77 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

REF CÍVIDAS: PROMECON/2020/000701

PRP2020/3711

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, presentada por JUAN PABLO SICOLO VIDELA, NIF35668881K e domicilio de notificacións Calle VISTA ALEGRE Nº: 20 Lt: Esc: 1 Pt:D - VILAGARCIA DE AROUSA, CP: 36600 e dirección Email a efectos de notificacións info@jrey.es, infórmase que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2020 Concello de Vilagarcía, e por tanto a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor da solicitante, por importe de por contía de MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (1.258,02€) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

REF CÍVIDAS: PROMECON/2020/000702

PRP2020/3712

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, presentada por RODRIGO POUSO AIDO, NIF 35489297K e domicilio de notificacións RUA FRANCISCO PORTO REY LOCAL 2C VILAGARCIA DE AROUSA, CP: 36600 e dirección Email a efectos de notificacións info@jrey.es, infórmase que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2020 Concello de Vilagarcía, e por tanto a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor da solicitante, por importe de por contía de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

REF CÍVIDAS: PROMECON/2020/000703

PRP2020/3713

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á

Creación de Empresas 2020, presentada por RAPADO LÁZARO NORBERTO, NIF 11956586J e domicilio de notificacións RUA EDELMIRO TRILLO LOCAL 4 Nº 6 ESC. 2, 36600 Vilagarcía e dirección E-mail a efectos de notificacións info@jrey.es, infórmase que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2020 Concello de Vilagarcía, e por tanto a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor da solicitante, por importe de por contía de MIL OCHOCIENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.888,13€) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)
REF CÍVIDAS: PROMECON/2020/000704

PRP2020/3714

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, presentada por ARMESTO PAZO ROSA MARÍA, NIF 36037965R e domicilio de notificacións Avda. DR. TOURÓN-LOCAL 10 nº46, 36600 Vilagarcía e dirección E-mail a efectos de notificacións info@jrey.es, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2020 Concello de Vilagarcía, e por tanto a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor da solicitante, por importe de por contía de MIL TRESCIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (1358,04 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)
REF CÍVIDAS: PROMECON/2020/000705

PRP2020/3715

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, presentada por FARIÑA OTERO IVONNE, NIF 35467636A e domicilio de notificacións Rúa Arcebispo Lago 13, 5 C, , 36600 Vilagarcía e dirección E-mail a efectos de notificacións picarosvillagarcia@gmail.com, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2020 Concello de Vilagarcía, e por tanto a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor da solicitante, por importe de por contía de DOUS MIL CINCO CENTOS EUROS(2.500 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)
REF CÍVIDAS: PROMECON/2020/000707

PRP2020/3729

O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos accións de dinamización do comercio e a hostalaría local a través de diversos canles e iniciativas, especialmente durante as datas significativas, principalmente no tempo de Nadal.

A aposta polo comercio local e de proximidade require converter o comercio local, os establecementos hostaleiros e os espazos onde se sitúan, en polo atractivo para os potenciais clientes e ao mesmo tempo centro neuráxico e comercial da cidade. Doutra banda, é un reto

para o Concello ofrecer unha imaxe moderna e atractiva.

Na situación o actual derivada da emerxencia sanitaria faise preciso potenciar as compras na cidade coa dobre finalidade de dinamizar a economía local e evitar os desprazamentos da cidadanía fora da contorna da cidade.

Os gastos derivados do Mercado de Nadal, cuxa da organización e realización na presente edición será asumida integramente polo departamento de promoción económica, serán obxecto de proposta separada.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación das bases reguladoras do funcionamento e outorgamento de autorizacións para o exercicio da actividade de venda no mercado de Nadal de Vilagarcía 2020 ubicado na praza Independencia/praza de España, así como a publicación das mesmas, debendo prestar os adxudicatarios unha fianza por importe de 150 € como garantía.

PRP2020/3761

Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica en relación co PROGRAMA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN, que se formula como unha das iniciativas máis prometedoras para favorecer a inserción laboral e creación de emprego de calidade, en colaboración coas empresas referentes no Concello, en cada un dos sectores económicos.

O programa materializarase na contratación da formación específica con unha empresa preferentemente local para a mellora da empregabilidade de persoas desempregadas e a sinatura dun convenio con aquelas empresas que amosen a súa disposición para participar na iniciativa.

As empresas colaboradoras asinarán un compromiso de contratación dun mínimo de alumnos participantes nas accións formativas, durante un mínimo de 3 meses a xornada completa.

Logo da sinatura dun convenio, coa Empresa FUNDIVISA no que se compromete á contratación de alomenos o 30% dos alumnos participantes na formación, así como a poñer a disposición do Concello e da empresa encargada da formación as instalacións precisas para a impartición das accións formativas,

O obxecto do contrato é a contratación das devanditas accións formativas cunha empresa de formación con experiencia na impartición das materias requiridas polo perfil profesional mediante un contrato de servizos.

A estes efectos o Departamento de Promoción Económica solicitou orzamentos ás empresas que se indican KAEME, SISTEM e QUICK.UP.

Feitas as oportunas aclaracións a requirimento das empresas contactadas, só a empresa QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, remiteu proposta formativa por un importe 12.700,00 Euros por unha formación de 90 horas.

A selección dos alumnos participantes terá lugar por sondaxe no SPEG e publicidade da convocatoria en diferentes medios

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, por un importe de 12.700,00 € para a acción formativa sinalada, con cargo á partida orzamentaria 241-22799

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3709

Dáse conta do escrito presentado por Dna. Rocío Louzán Blanco NIF 35453018J como presidenta do Centro Comercial Aberto Zona Aberta, en relación ao convenio de colaboración paa a xestión dos bonos SON DA CASA, no que solicita o ingreso na conta habilitada ao efecto o valor de 3.925 € para poder facer os aboamentos aos comercios adheridos á iniciativa:

A efectos de xustificar as cantidades solicitadas, presenta a documentación seguinte:

- Extracto bancario dos movementos realizados entre o 19 de setembro e o 29 de setembro de 2020.

- Certificación de titularidade de conta bancaria
- Follas de pagamento da empresa Tonic Time S.L. onde constan os ingresos transferidos no periodo do 19 ao 29 de setembro de 2020.

A vista do escrito presentado e a documentación xustificativa a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Centro Comercial Zona Aberta, polo importe de TRES MIL NOVECIENTOS VINTECINCO EUROS (3.925 €) e o seu ingreso na conta bancaria aberta pola Asociación aos efectos de xestión e aboamento das cantidades correspondentes á iniciativa BONOS SON DA CASA.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2020/3808

Dáse conta de Proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal en relación coa solicitude de subvención para a dotación de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións bibliográficas ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura e Turismo de 21 de xullo de 2020, na que indica que a día de hoxe a Resolución de concesión das subvencións non foi ditada, publicada ou comunicada, rematando o prazo para presentar a documentación xustificativa o 16 de novembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal acorda renunciar á subvención ao non contar con tempo material para a adquisición de material e demais trámites para a xustificación da subvención dentro do prazo, dado o remate do mesmo o 16 de novembro de 2020.

PRP2020/3656

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan para a revisión técnica dos pianos do Conservatorio Profesional de Música (afinación, entonación e regulación), por un importe total de 1.258,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2020/3733

Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Editorial Galaxia SA, para o subministro de 350 exemplares da obra "Lingua Guapa: Cantos que contan" de Fina Casalderrey e Néstor Blanco, destinados ao alumnado de quinto dos centros educativos de infantil e primaria de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 4.899,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/3754

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por JUEGOS KOMPAN SA para o subministro de asento xirasol para a súa reposición no Parque-Xardín de Compostela, por un importe total de 664,28 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3755

Mediante escrito datado o 5 de abril de 2020 comunicouse a este Concello Resolución, da Directora Xeral de Administración Local, por delegación do Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de concesión, de subvención do Fondo de Compensación Ambiental na súa natureza NON COMPETITIVA por importe total de 11.423,37 euros para o proxecto denominado “Adquisición de trituradora de martelo para tractor”.

Que aos efectos da xustificación da subvención do Fondo de compensación Ambiental do 2020 e de acordo co establecido no artigo 32 da Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se regula a convocatoria desta subvención deberá aprobarse a conta xustificativa da subvención polo órgano competente.

Polo que se informa que a axuda outorgada por un importe de 11.423,37 € se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida.

Por isto a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da conta xustificativa da subvención na que se faga constar de forma detallada que:

Que se cumpriu da finalidade da subvención.

Os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
RAMÓN LOIS S.L.	COMPRA TRITURADORA TMC CANCELA TDS-180	N930-20	11.712,80 €	10/10/2020	26/10/2020

PRP2020/3781

Dáse conta da comunicación da resolución da dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia de concesión das axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia para o ano 2020 convocadas ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2019 polo que se acorda conceder a este Concello unha axuda por importe total de 17.325 €.

Debe terse en conta que segundo a resolución de concesión as entidades beneficiarias deberán presentar ata o 16 de novembro de 2020 a documentación para a xustificación dos gastos e investimentos realizados consonte ao disposto no artigo 22 da Orde do 12/12/2019 que no seu último parágrafo establece que “ en todo caso deberán achegarse os xustificantes do pagamento efectivo dos importes recollidos nos convenios e/ou acordos de colaboración establecidos entre a entidade solicitante e a entidade prestadora/xestora do servizo, a través da copia cotexada da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento”.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
- 2.- Dar conta ao Departamento de Intervención e Tesourería para que facilite ao Departamento de medio ambiente o xustificante do pagamento efectivo do importe recollido do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía e a Asociación protectora de animais de Vilagarcía para o uso da canceira.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2020/3738

A Deputación de Pontevedra concedeu a subvención solicitada dentro do PROGRAMA DE

ACCIÓN MUNICIPAL- Plan de Concellos 2020, liña 2. para a actividade Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural, por importe total de 5.000€.

Asemade na pasada XGL de data 19 de outubro, deuse conta da modificación do proxecto orixinal no senso de suprimir a realización de tres obradoiros, polas restricións derivadas da COVID 19, substituíndoas por espectáculos que serán retransmitidos en streaming aos centros educativos, tanto de primaria como de secundaria.

Esta acción enmárcase dentro do III Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía, tanto na liña 3 de cambio de valores e modelos para a igualdade, que ten coma obxectivo xeral: “contribuír á superación de estereotipos, valores e actitudes que sustentan desigualdade de xénero entre diferentes colectivos da realidade de Vilagarcía” favorecendo a participación activa da cidadanía en accións lúdicas e de esparcemento onde a igualdade sexa o tema transversal. así como na liña 4 de Conciliación, corresponsabilidade e calidade de vida, a través da que se pretende “impulsar e visibilizar a participación activa das mulleres na vida cultural e deportiva.

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación dos seguintes orzamentos para a coordinación e execución da Semana de actividades sobre o papel das mulleres na cultura, con cargo á partida 2312.22615:

ARTEFEITO. Soc. Cooperativa Galega	F70586763 Rúa Tomiño18, planta 3 dt 15703- Santiago de Compostela	- Gravación e retransmisión de espectáculos. -organización Mesa Redonda, 4 participantes	484,00 874,83
VERÓNICA MARTÍNEZ MARTÍNEZ. Narradora oral. (Vero Rilo)	32699507Q Trva. Escultor Asorey 10, 1º dcha. 15704 Santiago de Compostela	O Pozo das Señoras”. Sesión de narración oral a cargo de RILO & PENADIQUE	420,00
SONSOLES MARTÍNEZ JIMÉNEZ. Narradora oral. (Sonsoles Penadique)	35318873G Rúa Benito Corbal 66, 3º. 36001 Pontevedra	“O Pozo das Señoras” Sesión de narración oral a cargo de RILO & PENADIQUE	420,00
CULTURACTIVA. Soc. Cooperativa Galega	F15983607 Rúa Triacastela 3, baixo 15703- Santiago de Compostela	- “Benquerer(se)” Representación musicoteatral, a cargo de ALDAOLADO - “Bravas” Representación escénica a cargo de ISABEL RISCO. -Xestión e coordinación	1231,00 1089,00 484,00
TOTAL			5.002,83

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2020/3694

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos denominado “Dirección de Obra do investimento Demolición de vivenda unifamiliar na Rúa Rodriguez de Mendoza, 26” ao arquitecto don José M. Millán Armas (36095934X), por importe de 500,00€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 105,00 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 605,00 €, con cargo á partida 150.640.

PRP2020/3680

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo de Adxudicación do contrato de servizos de mantemento preventivo e correctivo dos sistemas anti-intrusión e detección de incendios e conexión a central receptora e alarmas da Escola Infantil de Vilaxoán:

O Concello de Vilagarcía de Arousa no recentemente construída Escola Infantil de Vilaxoán conta cun sistema anti-intrusión e de detección de incendios.

Para a o seu correcto funcionamento é preciso contratar cunha empresa especializada o seu mantemento preventivo e correctivo así como a súa conexión cunha Central Receptora de Alarmas, que permita detectar e intervir de forma inmediata ante calquera situación de risco.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de novembro de 2019 adxudicouse o contrato de servizos denominado "Mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo/intrusión instalados nos edificios e instalación dependentes do concello de Vilagarcía, así como a conexión destas alarmas con central homologada", á mercantil Techco Seguridade, S.L.

O prazo de execución do contrato é de 2 anos, con data de inicio do 1 de decembro de 2019, atopándose, polo tanto, vixente.

A concelleira que suscribe entende que é máis práctico e efectivo adxudicar este contrato menor á empresa que actualmente xa presta estes servizos as restantes instalacións do concello, para contar cunha sola central de alarmas á que conectarse e ter unificadas tamén as revisións periódicas.

Solicitado orzamento a citada empresa Techco Seguridade, S.L. esta presenta o seguinte, prezo mensual:

Conexión de Alarmas con CRA.	17,00 €
Comunicacións: GPRS.	1,70 €
Mantenimento: Correctivo a 12 Meses. Desglose: (Descuento aplicado del 28%)	41,50 €
Mantenimento de las instalaciones y/o equipos de Seguridad: Visitas presenciales anuales: 1: Revisións remotas anuales bidi: 3	
Mantenimento trimestral de los sistemas de PCI: Visitas trimestrales (Tabla I):	
Mantenimento obligatorio anual de las instalaciones de PCI: Visitas obligatorias (Tabla II): 1	
TOTAL BASE:	60,20 €
21% IVA:	12,64 €
TOTAL SERVICIOS (Cuota de tipo Mensual):	72,84

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato menor dos servizos de mantemento preventivo e correctivo dos sistemas anti-intrusión e detección de incendios da Escola Infantil de Vilaxoán e conexión a Central Receptora de Alarmas, á mercantil Techco Seguridade, S.L. con CIF B82929951, cun prazo de execución de 1 ano, por un importe de anual de 874,08€ (IVE engadido) coa desagregación mensual arriba referida.

PRP2020/3734

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar, a don Joaquín Lustres Carregal (35427647B) o contrato de servizos de dirección de execución material e coordinación de seguridade e saúde en fase de execución, da obra "Reforma de edificación para albergue de peregrinos. Carril" por un importe de 11.900,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.499,00€, o que totaliza un orzamento de adxudicación de 14.399,00€, con cargo á partida 150.640, coa seguinte desagregación:

Concepto	Prezo (sen IVE)	IVE 21%	TOTAL IVE engadido
Dirección de execución material	9.400,00€	1.974,00€	11.374,00€
Coordinador de seguridade saúde en fase de execución	2.500,00€	525,00€	3.025,00€
TOTAL	11.900,00€	2.499,00€	14.399,00€

PRP2020/3735

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar, a don Iago Fernández Puentes (46903614J) o contrato de servizos de dirección de obra do investimento "Reforma do albergue de peregrinos. Carril", por un importe de 12.600,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.646,00€, o que totaliza un orzamento de adxudicación de 15.246,00€, con cargo á partida 150.640.

PRP2020/3778

